



RÍO CASTRO-NARAÍO


Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 1,5 km (ida e volta)

Dificultade: baixa

Duración: 1 hora



Unha pequena ruta para gozar da natureza e da historia nunha zona que forma parte do LIC "Xuvia-Castro". O río Castro é un afluente do Grande de Xubia (ría de Ferrol) que nace na serra do Forgoselo. Na zona de Naraío (San Sadurnino) ten unha sucesión de rápidos e fervezas e discorre por un estreito canón aproveitado por unha minicentral eléctrica e varios muíños.

O castelo de Naraío foi construído no século XIV e destruído na revolta irmandiña. Reconstruído máis adiante, na actualidade está abandonado. Consérvanse a torre do homenaxe, a porta principal que mira ao leste e restos do edificio poligonal que pechaba o patio. Desde el hai unhas fermosas vistas da comarca.

COMO CHEGAR

Desde a estrada que vai de Ferrol ás Pontes collemos o cruce a Naraío e podemos achegarnos ata o castelo ou á minicentral. Entre a central e o castelo de Naraío un carreiro que sobe entre o mato e os eucaliptos leva ata a ferveza máis destacada.



Castelo de Naraío

